

# PREGUNTAS E RESPOSTAS SOBRE OS CAMBIOS NO CALENDARIO DE VACINACIÓN



## Que é o calendario de vacinación infantil?

É o documento que inclúe as vacinas que se recomenda administrarlle á poboación dependendo da idade.

É unha ferramenta de Saúde Pública que favorece toda a poboación, tanto as persoas que se vacinan como as que non.

## Cal é o proceso para incluír modificacións no calendario de vacinación infantil?

As autoridades de Saúde Pública das Comunidades Autónomas son as responsables do establecemento, execución e avaliación do calendario na súa comunidade, concretándose acordos desde o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde para manter a coordinación e a cohesión entre todas as Comunidades Autónomas. A Ponencia do Programa e Rexistro de Vacinacións está formada por técnicos expertos en vacinas que avalían e propoñen modificacións no calendario de vacinación en función da situación das enfermidades na poboación e do coñecemento científico.



### Por que se modifica o calendario de vacinación infantil cada certo tempo?

As modificacións no calendario poden deberse á inclusión de novas vacinas, ao cambio no número de doses que cómpre administrar dunha vacina (pauta de vacinación) ou á vacinación a outras idades (estratexia de vacinación).

Tamén poden deberse a que a enfermidade sexa máis frecuente ou grave en determinados grupos de idade ou a que se producise un cambio no comportamento da enfermidade (aumento do número de casos ou afectación de persoas máis vulnerables).

As modificacións que se introducen apóianse na revisión do coñecemento científico dispoñible.



## Cal é o novo calendario vacinal?

Este novo calendario comeza a aplicarse desde o 1 de xaneiro de 2017 para todos os nenos nados a partir do 1 de xullo de 2016.



## Cales son os cambios neste novo calendario?

O principal cambio neste novo calendario é a diminución do número de doses dalgunhas vacinas, o que implica unha diminución no número de inxeccións. Isto prodúcese pola eliminación da vacinación coa hepatitis B no momento do nacemento, así como da vacina hexavalente dos 6 meses, e ao feito de adiantar a vacinación de recordo dos 18 meses aos 11 meses de idade. É dicir, administrárase unha dose de vacina fronte á difteria, ao tétano, á tose ferina, á poliomielite, ao *Haemophilus influenzae* tipo b e á hepatitis B (hexavalente) aos 2 meses, outra aos 4 e unha terceira aos 11 meses de idade, nun só preparado vacinal.

Este novo calendario segue asegurando a protección fronte a todas as enfermidades incluídas no calendario.

Os nenos e as nenas que comecen con esta nova pauta recibirán outra dose de recordo fronte á difteria, ao tétano, á tose ferina e á polio aos 6 anos de idade (administrárase a partir de 2022) para asegurar a protección a longo prazo.


## A que nenos afecta este novo calendario reducido?

Aos nados a partir do 1 de xullo de 2016, excepto para a dose de hepatite B no momento do nacemento, que deixará de poñérselles aos nados a partir do 1 de xaneiro de 2017.

O resto dos nenos, nados antes do 1 de xullo de 2016, deberán completar as súas pautas segundo o calendario que lles corresponda. Neste momento segue a manterse o aprazamento da dose dos 6 anos coa vacina dTpa.

## Os nenos vacinados co novo calendario van estar igualmente protexidos aínda que reciban menos doses de vacina?

Si, hai estudos que demostran que esta nova pauta de administración de vacinas, aos 2 e 4 meses de idade cunha dose de recordo precoz aos 11 meses, protexe de maneira similar á pauta utilizada con anterioridade.



**É MOI IMPORTANTE QUE AS VACINAS SE ADMINISTREN “EN TEMPO”, É DICIR, O MÁIS CERCA POSIBLE DO DÍA EN QUE SE CUMPRE O SEGUNDO E CUARTO MES DE VIDA.**

## Por que é importante a vacinación da tose ferina en embarazadas?

Porque a tose ferina pode ser especialmente grave nos lactantes menores de 3 meses. A vacinación de embarazadas, introducida en 2015, é a medida máis efectiva para protexer o neonato fronte a esta enfermidade ata que reciba a primeira dose de vacina aos dous meses de idade.

## Por que é importante acadar boas coberturas das vacinas incluídas no calendario?

As altas coberturas de vacinación permiten ter un bo nivel de protección comunitaria, polo que se dificulta a circulación dos microorganismos causantes das enfermidades fronte ás que se vacina. En Galicia o número de nenos vacinados é moi elevado, as coberturas do programa superan o 95% na maioría das vacinas incluídas no calendario.



## Cales son as vantaxes do novo calendario?

A principal vantaxe é a redución no número de inxeccións que se van administrar aos menores de 2 anos, diminuíndo as molestias polas picadas, reducindo tamén as visitas ao centro sanitario necesarias para a vacinación.

## Hai outros países con calendarios parecidos?

Si, varios países da nosa contorna (Francia, Italia, Suecia, Noruega, Finlandia, Austria...) teñen calendarios de vacinación similares ao novo calendario, sen que se observen diferenzas na protección fronte ás enfermidades que se prevenen mediante vacinación.

**Para máis información,**  
pódese visitar a páxina web da Consellería de Sanidade  
(Dirección Xeral de Saúde Pública)

[dxsp.sergas.gal](http://dxsp.sergas.gal)

galicia  
o bo camiño